

# MERCADO DE NADAL RIBADEO 2022



## BASES PARTICIPACIÓN



O Mercado de Nadal de Ribadeo quere ser un espazo de oportunidades para os profesionais relacionados coa artesanía e o deseño, unha plataforma onde se visualice o seu traballo e talento creativo e innovador.

### **ORGANIZACIÓN, LUGAR, DATAS DE CELEBRACIÓN E HORARIO**

A Área de Desenvolvemento Local, Comercio e Turismo do Concello de Ribadeo co organiza o **XVII Mercado de Nadal de Ribadeo**, que terá lugar os días **7,8,9, 10 e 11** de decembro de **2022**.

O horario de apertura do mercado será de 11h a 14:30h e de 17h a 21h. **O día 7 de decembro o horario será unicamente de tarde ( 17h a 21h)**

### **PARTICIPACIÓN, PRECIO E CARACTERÍSTICAS DAS CASSETAS**

#### **Requisitos xerais de participación**

- Poderán participar persoas artesás con capacidade para exhibir e vender pezas que sexan producidas de forma artesanal e sexan de autoría propia.
- Poderán participar persoas produtoras de gastronomía artesanal.
- Así mesmo tamén poden participar persoas creadoras, artistas na vertente de creatividade e deseño, artistas plásticos, gráficos, dixitais , xoguetes e moda que
-

# MERCADO DE NADAL RIBADEO 2022

teñan capacidade para exhibir e vender pezas suficientes e cuxa creación sexa autoría propia e a distribución sexa a pequena escala.

En todos os casos, os participantes deberán ser **maiores de 18 anos** e poderán ser de calquera nacionalidade residan ou non en España.

O Concello resérvase a posibilidade de reservar algunha caseta para o uso que este determine.

**Os stands das persoas participantes serán casetas independentes que estarán localizadas na rúa San Francisco e na contorna do parque anexo a esta rúa.**

As características das casetas serán, aproximadamente de 3 x 2 metros, con portón levadizo e mostrador, con posibilidade opcional de apertura frontal. So se poderá ter un stand por solicitante.

O concello establecerá **un prezo 150€ pola participación de cada solicitante e caseta.**

## **SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO**

Poderán solicitar a participación aquelas persoas que ademais de cumprir os requisitos de participación estean dadas de **alta no réxime de autónomos ou réxime correspondente e na actividade que lle corresponda**. Os documentos a achegar, xunto coa solicitude, serán os seguintes:

- **Memoria descritiva da actividade e 3 fotografías da obra e stand.** Na memoria descritiva detallárase pezas e obra a expoñer, proceso de produción completo, materiais a empregar, grado de dificultade , curriculum , grado de innovación e deseño do produto, ano de comezo da actividade , e todas aquelas cousas que se consideren salientares a efectos de valorar a solicitude.
- **Copia DNI ou C.I.F. ( só aqueles que participen por vez primeira)**
- **Copia da última cota pagada do réxime de autónomos ou correspondente**

# MERCADO DE NADAL RIBADEO 2022

- **Certificado de epígrafes do I.A.E no apartado correspondente**
- **Carta de artesan de selo caso.**
- **Rexistro sanitario, no caso de que sexa necesario para exercer a actividade.**
- **Declaración xurada e asinada polo/a interesado/a, que acredite que os produtos cos que participará no mercado responden a unha elaboración artesanal de autoría propia, acorde á memoria presentada ou que son produtos de creación/deseño propio. ACHEGAMOS MODELO Á PRESENTE.**

O PRAZO para a solicitude de participación estará aberto ata o **11 de novembro**, con carácter xeral, ata o ás 14:00h. Segundo se establece no artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas **as persoas xurídicas terán a obriga de relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas, polo que se deberá presentar a solicitude a través da sede electrónica do Concello de Ribadeo [http:// ribadeo.sedelectronica.gal](http://ribadeo.sedelectronica.gal). Polo que respecta ás persoas físicas, poderán elixir como comunicarse co concello, isto é, ben poderá ser través da sede electrónica ou mediante a presentación directa no rexistro de entrada do Concello.**

Este prazo poderá variarse tendo en conta as circunstancias que afecten ao bo desenvolvemento do Mercado de Nadal.

Para ir a adiantando todo o proceso, deberase de remitir, así mesmo, por correo electrónico ([adl@ribadeo.org](mailto:adl@ribadeo.org)) as fotos dos produtos, stands, etc..., ou aquela documentación que se considera avaliable segundo os criterios de selección. **Isto non substitúe o rexistro de entrada da solicitude.**

## **SELECCIÓN**

No caso de ser necesario, cando o número de solicitantes supere as casetas previstas e unha vez pechado o prazo de admisión, reunirse o comité de selección (presidido polo concelleiro de desenvolvemento local e turismo e formado por 2 persoas designadas por este pertencentes ás áreas de desenvolvemento local, cultura ou turismo, todas elas con voz e con voto) para seleccionar aos que acaden maior número de puntos e segundo os criterios de selección establecidos ao efecto. Unha vez se

# MERCADO DE NADAL RIBADEO 2022

resolvan, poderá establecerse unha lista de agarda, por orde de puntuación. Unha vez finalizada a valoración das solicitudes, comunicárase a **resolución positiva** (polo medio que se admita en dereito, podendo facer dita comunicación con carácter complementario polo medio que máis axiña se teña constancia da súa recepción: correo electrónico, teléfono), tendo que proceder aqueles ao pago da cota. **A falla de ingreso dentro dos 10 días naturais de ter recibido a comunicación suporá a perda do dereito de participación:**

***O pago realizárase no nº de conta A Banca ES85 2080 0140 1331 1000 0539 , indicando no concepto Mercado do Nadal.***

Unha vez realizado o pago do stand, as persoas artesás que comuniquen a súa renuncia perderán o importe total abonado. Esta penalización poderá ter excepcións segundo o contemplado na ordenanza de aplicación.

Este mercado poderá ser anulado por causas de forza maior como pode ser debido a razóns sanitarias. Neste caso será devolto de oficio o pago realizado correspondente.

No caso de que haxa casetas dispoñibles, ben por non pagar a taxa correspondente no prazo determinado ou por renuncia á mesma, poderá chamarse ao seguinte da lista de agarda pola orde establecida na aplicación dos criterios de selección.

## **CRITERIOS DE SELECCIÓN**

A todas as persoas que soliciten a súa participación no Mercado de Nadal de 2022 aplicaráselles uns criterios de selección, sempre e cando o número de solicitantes supere as casetas dispoñibles. O número máximo de puntos a acadar será de 100 e segundo se establece a continuación:

Se **os/as artesáns/productores ou creadores/as** realizan todo o ciclo/proceso do produto conforme acreditación e complexidade do proceso de produción: **ata 25 puntos.**

# MERCADO DE NADAL RIBADEO 2022

- **Que sexan marcas ou produtos con orixe en Galicia ou de proximidade á contorna de Ribadeo ( 60 km). 10 puntos**
- **Valorarase a calidade e o deseño : ata 25 puntos**
- **Valorarase a proposta dos produtos atendendo á súa orixinalidade, innovación, sustentabilidade, aplicación da economía circular ou que representen un valor engadido, consolidado ou pioneiro, á oferta que habitualmente se fai dende o sector artesanal. Ata 15 puntos.**
- **Carta de artesanía, no seu caso: 10 puntos**
- **Que os produtos estean vencellados a produtos relacionados coas festas do Nadal: 10 puntos**
- **En función do número de participantes do mesmo oficio que soliciten participar no mercado aplicarase:**
  - Ata 3 artesáns: 5 puntos.**
  - De 4-6: 2 puntos.**
  - + 6 : 0 puntos.**

De cara a garantir a diversidade de produtos dentro da feira a organización reservará mínimo dun 20 por cento aos postos da sección de gastronomía sempre que fora posible.

No caso de producirse empate entre os solicitantes, os criterios para desempatar serán os seguintes, por orde decrecente:

- 1.- Calidade e estética.
- 2.- Non ter participado no Mercado de Nadal anterior, sempre que se solicitase.
- 3.- Levar máis tempo sen concorrer ao Mercado do Nadal.

## **NORMAS DE PARTICIPACIÓN**

Todos os que o soliciten a participación **aceptan as condicións de funcionamento dos eventos.**

- O mercado levarase a cabo nas rúas centrais de Ribadeo.
- **A montaxe será na mañá do día 7 de decembro. A organización comunicará onde recoller as chaves e a localización de cada posto.**
- **A desmontaxe será o día 11 de decembro unha vez finalizada o mercado .**
-

# MERCADO DE NADAL RIBADEO 2022

- **A apertura da feira será o día 7 de decembro ás 17:00h, polo que deberán estar todos stands abertos ao público.**

A organización poñerá aos servizo dos participantes:

- Caseta que pode incluír mostradores, iluminación e toma de luz e peche.

## **Cada persoas expositora comprométese a:**

- Responsabilizarse dos produtos expostos no seu stand durante a celebración do mercado.
- A venda de produtos elaborados por el/ela mesmo/a, relacionados coa solicitude de participación, non admitindo a revenda de produtos non propios ou que non sexan de elaboración artesanal. **NON SE ADMITIRÁN PRODUTOS NA FEIRA NON RECOLLIDOS NA SOLICITUDE.**
- **Que o seu stand permaneza aberto debidamente atendido durante o horario establecido.**
- **Garantir a presenza variada e un número suficiente de produtos, representativos e acreditados na instancia da solicitude.**
- No realizar promocións comerciais tales como ofertas, liquidacións, rebaixas, saldo, dous por un e similares.
- Cada creador/artesán deberá atender persoalmente o seu stand ou informar (a través do correo [adl@ribadeo.org](mailto:adl@ribadeo.org)) dos datos da persoa responsable designada para acompañalo)

O incumprimento destas normas poderá dar lugar á expulsión do participante e ao peche do stand correspondente, non tendo dereito o participante expulsado a ningún tipo de indemnización

## **Organización**

- No uso das súas competencias, a organización, poderá adoptar as medidas que considere oportunas para o correcto desenvolvemento do Mercado de Nadal.
- A organización resérvase o dereito de fotografar e filmar stands e produto expostos nos mesmos.

## MERCADO DE NADAL RIBADEO 2022

- **A organización no se fai responsable, de roubo ou desperfectos das pezas. A organización ten contratada unha póliza de Responsabilidade Civil.**

# MERCADO DE NADAL RIBADEO 2022

## MODELO DECLARACIÓN AUTORÍA

Eu \_\_\_\_\_, co NIF/CIF, \_\_\_\_\_ en

representación de \_\_\_\_\_

### DECLARO

Que o material que será posto á venda no Mercado de Nadal de Ribadeo que se celebrará en decembro do 2022 son produtos de elaboración propia e de carácter artesanal.

E para que así conste e xurda os efectos oportunos , asino a presente en \_\_\_\_\_ a

\_\_\_\_\_ de 2022.

Asinado:



# MERCADO DE NADAL RIBADEO 2022

## SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN

NOME DO TALLER / STAND \_\_\_\_\_

NOME E APELIDOS \_\_\_\_\_

NIF \_\_\_\_\_

OFICIO \_\_\_\_\_

PRODUCTOS A VENDER \_\_\_\_\_

ENDEREZO, C.P

LOCALIDAD E PROVINCIA \_\_\_\_\_

TELEFONO/S DE CONTACTO \_\_\_\_\_

E-MAIL: \_\_\_\_\_

WEB: \_\_\_\_\_

PRODUCTO/S Á VENDA \_\_\_\_\_

MOSTRADOR SI  NON

REALIZA TODO O PROCESO SI  NON

OUTROS

---

En Ribadeo, a                      de                      2022

Sinatura

# MERCADO DE NADAL RIBADEO 2022